

Ola! Como estás?

Desexo que esteas levando ben este momento de cambio de etapa, no que temos que ir aprendendo a adaptarnos a todas estas situacións que se nos presentan (retomar actividades e rutinas, uso de máscaras, distancia de seguridade, etc).

Desexo tamén que as actividades que che estiven enviando durante este tempo che houberan sido útiles para reflexionar, para relaxarte, para manexar pensamentos ou emocións, etc

Se neste tempo non puidiches poñer en práctica algunha delas non te preocupes, están dispoñibles tanto na páxina e no Facebook do Concello como na páxina do Departamento de Orientación do IES Carral para cando as precisas ou queiras repetilas. Esta é a última semana do programa, polo que me gustaría poder despedirme de ti por este curso e agradecerche os momentos compartidos. Dende o Concello de Carral tamén che queren agradecer a túa participación, déixoche a mensaxe de Mercedes Caridad, Concelleira de Igualdade, na seguinte páxina.

O correo electrónico educandoenvalorescarral@gmail.com seguirá dispoñible todo o verán, por se precisas poñerte en contacto por algún motivo (se queres algo máis de información sobre algún dos temas ou exercicios; se precisas asesoramento para algunha cuestión concreta ou simplemente se queres saudarme ou contarme como che vai o verán).

Agradecería moitísimo que puideras responder a un pequeno CUESTIONARIO ONLINE para valorar a utilidade do programa pinchando aquí:

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSf6LqQmG9ZlvC9DpIF5pnJw-etXbcplhqxuH8afFrQdAKTc8Q/viewform?usp=sf_link

Como agasallo final envíoche noutro documento un último conto cunha ensinanza moi importante para estes tempos e un listado de páxinas, vídeos e recursos sobre os diferentes temas que falamos durante as sesións por se che apetece saber máis..

Que pases un bo verán e que podamos reencontrarnos á volta.

Unha apertaña

Ola rapaces e rapazas de Carral:

O meu nome é Mercedes e son a responsable da Concellaría de Igualdade da que depende o programa “Educando en valores”.

Quero darvos as grazas pola participación no programa durante estes meses e, sobre todo, durante estes últimos onde demostráchedes responsabilidade, solidariedade, moita empatía e resiliencia; valores imprescindibles para afrontar situacións complicadas que tivemos e temos que vivir a día de hoxe.

Espero que as distintas actividades do programa contribuíran a facer máis pasadeiro o confinamento e que aportasen solucións aos problemas cotiáns e ideas novas para esta etapa que nos espera.

Quero tamén agradecer a todo o equipo docente a súa implicación e recoñecer o esforzo e a motivación constante; abono e semente necesarios en tempos difíciles.

Unha gran aperta para todos e todas; esperámosvos en setembro con ilusión para comezar xuntos e xuntas proxectos novos.

Carral, 16 de xuño de 2020

Mercedes Caridad
Concelleira de Igualdade
Concello de Carral

